

1. Contesta

a. Que significa ser soberano? Que organización política detenta a soberanía?

Ser soberano é ter a autoridade suprema.

A soberanía a detenta o Estado

b. A quen lle pode ceder parte desta soberanía? Enumera e pon exemplos.

O Estado pode cederlles parte da súa soberanía

- a entidades supranacionais (por encima do ámbito nacional): ONU ou Unión Europea.
- a entidades subestatais como as Comunidades Autónomas (CCAA) ou os municipios.

c. Son o mesmo o concepto Estado e o de Nación? Define ambos conceptos

Poden existir os estados plurinacionais? Explica.

Non son o mesmo.

- Estado: unidade política e administrativa superior que rexe un territorio.
- Nación: Conxunto de persoas cunha mesma lingua, cultura e historia.

Si, poden existirdiferentes nacionalidades (grupo cultural, lingüístico. Histórico) formando parte do mesmo Estado (unidade política e administrativa)

2. Completa e enumera.

a. Completa o texto e o esquema.

O Estado é o conxunto de ___ **institucións** ___ creadas para regular a vida e as actividades das ___ **persoas**___ que viven nun mesmo ___ **territorio**_, gobernadas por unhas mesmas___ **leis** _ e baixo un mesmo ___**poder**_.
O territorio do Estado está delimitado por unhas ___**fronteiras**___ e posúe uns ___**símbolos**___ que o identifican (himno, bandeira, ...).

b. Enumera as funcións máis importantes do Estado.

- Establecer as leis (Parlamento) e velar polo seu cumprimento (poder xudicial).
- Manter a orde interior (policia) e a seguridade exterior (exercito)
- Dirixir e desenvolver a política exterior, e establecer relacións internacionais .
- Regular a economía, as relacións laborais, e recadar **impostos**.
- Administrar e xestionar servizos (educación, sanidade) e infraestruturas públicas (estradas, aeroportos, ferrocarrís,...).

c. Explica a fresa: “O Estado, no seu territorio, ostenta o monopolio da violencia física lexítima”.

Con que función do Estado podemos relacionar esta frase? Explica.

O Estado, e as súas institucións, son as únicas que poden exercer a violencia legalmente. Esta función está especialmente relacionada ca función “Manter a orde interior (policia) e a seguridade exterior (exercito)”

3. Contesta.

a. Cantos Estados existen no mundo na actualidade? Sobre 200... 195

Indica algunhas razóns polas que pode variar o número de Estados que hai no mundo?

Guerras, proceso independencia, tratados internacionais,...

b. Que é o estado do benestar?

Son aqueles que ademais de manter a orde, defender o territorio e establecer relacións internacionais, tamén proporcionan servizos básicos a poboación (Servizos públicos: educación, sanidade, subencións e subsidios, sistemas de pensións...).

4. Investiga e contesta.

Entra en <http://geacron.com/home-es/?lang=es>

Fai zoom en Europa e centra o mapa para ver ben ese continente.

Compara os mapas do ano 1901 e do ano 2000.

a. Cantos países existían en cada un deses anos? En 1901 existían 24 estados e na actualidade 50.

b. Que Estados aparecen no mapa do ano 2000 que no 1901 pertencían ao:

- **Imperio Alemán:** A actual Alemaña e partes de Polonia, Francia (Alsacia-Lorena), Dinamarca, Rusia (Kaliningrado).
- **Imperio Austro-hungaro:** Austria, Hungría, Chequia, Eslovaquia, Eslovenia, Croacia e Bosnia. Tamén partes de Italia, Rumanía, Polonia e Ucraína.
- **Imperio Ruso:** Rusia, Finlandia, Lituania, Letonia, Estonia, Bielorrusia, Moldavia, Xeorxia, Azerbaián, Armenia, e partes de Ucraína e Polonia
- **Imperio Otomano (só en Europa):** Macedonia, Albania, Macedonia, e parte Macedonia do Norte, parte de Servia (Kosovo completo) e Bulgaria.

5. Completa.

a.



1. Hai Estados nos que o Presidente é elixido pola cidadanía.

b. Que pretende a división de poderes?

Evitar que unha soa persoa ou un grupo controle todo o Estado.

c. Cales son os dous requisitos básicos dunhas eleccións libres?

- As persoas ou partidos políticos que se presentan deben poder expoñer libremente o seu programa, sen censuras. (sempre que cumpran a lei).
- As eleccións deben celebrarse periodicamente para impedir que as persoas se perpetúen no poder e teñen que existir garantías da limpeza dos resultados.

d. Indica dúas diferenzas fundamentais entre unha democracia e unha ditadura.

- Todos os poderes do Estado están nas mans dunha persoa ou dun grupo (exército, líderes relixiosos, un grupo étnico...).
- A maioría dos cidadáns non participan no goberno.
- O Goberno non reconece os dereitos humanos e utiliza a represión para eliminar a oposición política.

6. Contesta.

a. En que se diferencian unha monarquía e unha república? Pon dous exemplos europeos de monarquía e dous de república.

Nas monarquías o xefe do Estado é un rei e nas repúblicas un presidente.

Monarquías: España e Gran Bretaña

Repúblicas: Francia e Alemania

b. E as características dun rei e un presidente da república?

Un rei posúe o seu cargo por dereito de nacemento e vitalicio e o transmite aos seus descendentes.

Un presidente é elixido, ten o cargo por un período de tempo concreto e non o pode transmitir aos seus descendentes.

c. Que dous tipos de monarquías existen? Explica.

- Monarquía constitucional, se o monarca participa nos labores de goberno.

- Monarquía parlamentaria, se o monarca é o xefe do Estado, pero non exerce acción de goberno.

d. Que tres tipos de repúblicas existen? explica

- Nas repúblicas que son ditaduras o presidente é elixido polos grupos de poder.

- Nas repúblicas democráticas son os cidadáns os que o elixen. Poden ser de dous tipos:

- República parlamentaria, cando o xefe do Estado é elixido polo Parlamento e non coincide co xefe do Goberno (Alemania).
- República presidencialista cando o xefe do Estado coincide co xefe do Goberno e é elixido directamente polos cidadáns (EEUU).

7. Completa o cadro.

a. Estados segundo a relixión.

Laicos	Presentan unha separación total entre a relixión e o Estado.
Aconfesionais	Non teñen relixión oficial pero establecen acordos con algunhas relixións (normalmente maioritarias)
Confesionais	Hai unha relixión oficial que goza de amplos privilexios. Os democráticos permitida a práctica doutras relixións, na maioría está prohibida a súa práctica.
Teocráticos	Hai relixión oficial, os libros relixiosos son a lei e está prohibido practicar outras relixións.

b) Enumera tres características dos estados centralizados e outras tres dos estados descentralizados.

Indica un par de exemplos.

Centralizados	Descentralizados
- A Administración central goberna todo o territorio do Estado. - Existen institucións rexionais e locais, pero non teñen autonomía de goberno, senón que dependen das institucións estatais. - Os funcionarios das entidades locais e rexionais son elixidos pola Administración central.	- As institucións estatais exercen a súa autoridade en todo o Estado. - As rexións teñen as súas institucións propias: Parlamento, Goberno, tribunais. - Os cidadáns elixen os membros dos Gobernos e parlamentos locais e rexionais. - As institucións rexionais só poden ditar normas sobre estas materias, e esas normas rexen unicamente no seu territorio.
Francia e Portugal.	Alemania e EEUU

8. Contesta e enumera.

a. Que é o dereito internacional?

Son unha serie de normas que todos os Estados deben cumprir.

b. Enumera as formas de relación pacífica que se establecen entre os Estados.

- Establecen contactos diplomáticos con outros países.
- Manteñen intercambios económicos.
- Existen movementos de poboación (por traballo, estudos, turismo).
- Establecen relacións culturais (universidades e centros de investigación).

c. Que son as organizacións supranacionais ou internacionais?

Son asociacións que os Estados crearon voluntariamente para tratar cuestións de interese común, adoptar decisións sobre elas e solucionar conflitos.

d. Cal é a diferenza principal entre os organismos internacionais e os supranacionais?

Pon un exemplo de cada.


- Os organismos internacionais son entidades formadas por estados que cooperan voluntariamente en temas comúns. As decisións non son vinculantes.

A ONU pode recomendar accións, pero cada país decide se as segue.

- Os organismos supranacionais teñen autoridade por riba dos estados membros. As súas decisións son obrigatorias. Os estados ceden parte da súa soberanía a estas institucións.

A UE pode legislar en certos ámbitos e os países membros deben cumprir esas normas.

e. Une os tipos de organismos segundo o seu ámbito



f. Indica un organismo rexional de cada un destes continentes: América, Europa, África, Asia:

- OEA: Organización dos Estados Americanos.
- ASEAN: Asociación de Nacións do Sudeste Asiático.
- UE Unión Europea.

9. Contesta e completa

a. Que é a ONU? Que significan as siglas?

É a Organización das Nacións Unidas, unha institución que resolverse os conflitos de forma pacífica.

Cando se creou? 1945.


b. Cales son os obxectivos principais da ONU? Enumera.

- Defender os dereitos humanos.
- Manter a paz.
- Traballar na cooperación internacional.

c. Cales son os seus principais puntos febles? Explica.

- O feito de que haxa cinco Estados (Estados Unidos, Rusia, China, Reino Unido e Francia) que poden vetar as decisións, polo que queda exposta aos seus intereses.
- Non ter financiamento propio nin un exército propio, polo que depende das achegas dos Estados.

d. Completa.



e. Define a función de tres dos varios organismos especializados que existen.

- UNICEF: Promover a protección, a supervivencia e o desenvolvemento dos nenos no mundo.
- UNESCO: Contribuír á paz e á seguridade no mundo.
- FAO: Mellorar a nutrición da poboación.
- OMS: Organización mundial da saúde.
- ACNUR: Ofrecer protección aos refuxiados.

10. Contesta:

a. Fai un pequeno esquema sobre os tipos de conflitos e sobre os principais motivos.

Conflitos entre Estados						
Tipos de Conflitos			Motivos dos conflitos			
Económicos	Diplomáticos	Armados	Disputas territoriais	Control dos recursos	Disputas nacionalistas	Diferenzas relixiosas

b. Quen tutela a intervención da comunidade internacional no caso de conflitos graves?

A Organización das Nacións Unidas (ONU)

En que casos esta organización lexitima o uso da forza?

No caso de lexitima defensa ante unha agresión ou para axudar os pobos baixo dominio dun imperio colonial e desexan independizarse.

Que é o dereito a inxerencia? Explica os seus obxectivos.

É a intervención nun Estado mediante a forza e sen o seu consentimento para protexer a poboación civil da violencia ou para axudala en situacións de urxencia derivadas do conflito que vive, como xenocidios, fames...

Ten a ONU exército propio?

Non, están formadas por militares dos exércitos dos países que integran a ONU.

Quen son os cascos azuis? Cal é a súa función principal?

As Forzas de Paz da ONU.

A súa función principal é crear ou manter a paz en áreas de conflito.

c. Que é o terrorismo?

É unha forma de conflito na que un Estado se enfronta a grupos armados que utilizan a violencia indiscriminada contra a poboación e as institucións, coa intención de aterrorizalas e sometelas ao seu dominio.

d. Indica os trazos principais do terrorismo global.

- Ten unha estrutura internacional. Varios grupos terroristas dispersos por todo o mundo actúan de forma coordinada.
- Os seus obxectivos son internacionais. Actúa en calquera parte do mundo.
- Posúe un forte compoñente relixioso.
- Laban a cabo accións indiscriminadas, moi sangrentas e con gran valor simbólico.